

Venres, 25 de agosto de 2017

Núm. 163

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

*CONTRATO MAIOR DE SERVIZO PARA O MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN
HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO*

*CONTRATACION POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL E
VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO*

1. Entidade que adxudica:

Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Seguridade e Mobilidade. Nº expediente: 98714-210.

2. Obxecto do contrato:

O mantemento integral da sinalización viaria; comprende o asesoramento, subministro, almacenamento, transporte, instalación, aplicación, conservación, revisión, reposición, retirada e substitución da sinalización en vías públicas

Lugar de execución: Vigo

Prazo de execución: 4 anos. Prórroga: Sí, dúas prórrogas dun ano de duración cada unha

3. Tramitación e procedemento

Tramitación: Urgente.

Procedemento: Aberto.

4. Orzamento base:

1.983.471,08 euros IVE a soportar pola administración: 416.528,92 euros.- Orzamento total: 2.400.000,00 euros

5. Garantías esixidas

a) Provisional: non se esixe. b) Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE) . c) Complementaria: non.

Código seguro de verificación: 5GAR9VTIF7H0PYU5



Venres, 25 de agosto de 2017

Núm. 163

6. Obtención da documentación e información:

www.vigo.org (perfil do contratante) , teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato ou, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo 0 – Subgrupo 2 – categoría 4 b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario ou, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo 0 – Subgrupo 2 – categoría 4

8. Presentación de Ofertas:

Prazo: rematará o día 6 de setembro de 2017.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: sí.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e económica:

Entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Código seguro de verificación: 5GAR9VTIF7H0PYU5



Venres, 25 de agosto de 2017

Núm. 163

10. Outras informacións:

11. Páxina web para obtención de información:

www.vigo.org

Vigo, 17 de agosto de 2017.

O Concelleiro delegado de Contratación,

P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Código seguro de verificación: 5GAR9VTIF7H0PYU5

